



SEMANA DA CIENCIA EN GALEGO

15 ao 19 NOVEMBRO 2021



NO CEIP ILLAS CÍES
EXPERIMENTAMOS POLO CAMIÑO



LIBRO DE RECOLLIDA DOS
EXPERIMENTOS



Equipos de
Dinamización
da Lingua Galega



SEMANA DAS CIENCIAS



4º INFANTIL

REFRACCIÓN NA AULA DE TRES ANOS

MATERIAIS:



- Vaso de cristal
- Un debuxo
- Auga



DESCRICIÓN:


Pedímoslles aos nenos e ás nenas que preparen un debuxo e un recipiente cheo de auga.

Ao ver o debuxo a través da auga cambia de dirección.






SEMANA DAS CIENCIAS



5º INFANTIL AS CORES DE OUTONO

MATERIAIS:

- Follas do outono de diferentes cores
- Alcohol sanitario
- Morteiro
- Recipiente transparente
- Filtros de café






DESCRICIÓN:

Dada a estación na que nos atopamos, aproveitamos para coller follas secas de varias cores que atopamos pola contorna. Unha vez na aula, separámolas en catro grupos segundo a cor (verdes, marróns, amarelas e vermellas). Explicamos a actividade e os pasos que seguir e comezamos:

Comezamos coas verdes: cortamos as follas en anacos, botámolas dentro do morteiro, engadimos alcohol e machucámolas. Deixamos repousar un chisco.


Colocamos o filtro no vasiño e vertemos a mestura enriba. Pouco a pouco, o alcohol vaise coando tinguido da cor das follas, neste caso de verde. Continuamos con outro grupo de follas ata ter os catro vasiños coas catro cores.

Máis tarde, comprobamos o resultado final e charlamos sobre o experimento.





SEMANA DAS CIENCIAS



6º INFANTIL

O QUMENTAMENTO GLOBAL. GRETA THUNBERG

MATERIAIS:

- Xeo
- Gabeta
- Animais polares



DESCRICIÓN:

Colocamos nuha gabeta un bloque de xeo (iceberg) e distintos animais polares. Falamos de Greta Thunberg e a súa teoría. Colocamos a gabeta co xeo encima do radiador e vemos que lle pasa o xeo.

Chegamos á conclusión das consecuencias do qumentamento global no planeta.




CREAMOS LAVA

MATERIAIS:

- Xelatina
- Auga
- Conxelador



DESCRICIÓN:

Mesturamos os pos de xelatina coa auga morna. Introducímolos no conxelador e xa temos Lava de Volcán.






SEMANA DAS CIENCIAS



1º PRIMARIA O OVO SALTARÍN

MATERIAIS:

- Un subliñador
- Un ovo
- Vinagre
- Lámpadas de luz negra



DESCRICIÓN:

O primeiro que temos que facer é encher un recipiente con vinagre. O seguinte paso é quitar a tapa do subliñador e extraer o tubo de tinta amarela.




A continuación, vertemos toda a tinta no recipiente.


Cando a mestura estea preparada, introducimos o ovo dentro e deixámola repousar durante 48 horas.

Pasados 2 días, o noso ovo xa estará listo e poderemos sacalo.


O resultado é increíble: o ovo vólvese translúcido e podemos ver a xema no seu interior. A casca desapareceu e está branda coma se fose de goma e ata rebota se a deixamos caer no chan.

A parte máis divertida é se acendemos a luz negra, pois o ovo comeza a brillar dende dentro cara a fóra.





SEMANA DAS CIENCIAS




2º PRIMARIA

PASANDO UN CACHO CO BICARBONATO

MATERIAIS:




- Plastilina ou arxila,
- Vinagre
- Bicarbonato
- Colorante alimentario vermello ou que desexes para decorar.




DESCRICIÓN:


Amasamos a arxila ou a plastilina ata que fique como un volcán, podemos decoralo con plastilina doutras cores, pintura acrílica ou co que se nos ocorra.

Botamos unhas gotas de colorante no vinagre e vertemos a mestura pola boca do volcán. Por último botamos o bicarbonato e ZAS!
ERUPCIÓN TOTAL!






SEMANA DAS CIENCIAS



3º PRIMARIA ARCO DA VELLA DOCE

MATERIAIS:

- Un prato (preferiblemente branco)
- Caramelos con cuberta azucrada M&M's
- Auga





DESCRICIÓN:

Colócanse os caramelos no bordo do prato. Ordenámolos de forma que creen as cores do arco da vella. Logo, vertemos auga no centro do prato ata cubrir os caramelos ata a metade. Esperamos uns poucos segundos e observamos con detemento o que sucede. Os caramelos comezan a derreterse ata chegar ao centro do prato e crean un arco da vella de cores.

Isto sucede porque os caramelos deste experimento están cubertos cunha capa de azucre e colorantes. Cando se verte auga sobre eles, o colorante e o azucre disólvense e esparéxense pola auga. Éste proceso coñécese como solubilidade.

Igualmente, as cores non se mesturaron inicialmente ao disolverse coa auga. Isto débese a que cada caramelo contén a mesma cantidade de azucre e colorante, aínda que as cores son diferentes.





ARCO DA VELLA DOCE 3°PRIMARIA



SEMANA DAS CIENCIAS




4º PRIMARIA

CAPILARIDADE DA AUGA E FORMACIÓN DE CORES SECUNDARIAS

MATERIAIS:

- 6 botes de cristal
- Auga
- Colorante alimentario azul, amarelo e vermello
- Papel de cociña






DESCRIPCIÓN:

Colócanse os botes formando un círculo e bótase auga en tres deles. Logo prepárase a auga coloreada co colorante alimentario de xeito que se obtén un bote de auga azul, outro amarelo e outro vermello. Co papel de cociña fanse seis tiras enroscadas que conectarán cada bote co que está ao seu lado, ao introdúcilas dentro polos extremos.



Pouco a pouco a auga, por capilaridade, vai pasando a través do papel absorbente aos botes baleiros ata que o nivel de auga se iguala. Nos botes baleiros, ao recibir auga de dúas cores diferentes, vanse formando novas cores: verde, laranxa e morada.

O proceso é lento, aproximadamente tarda unhas tres horas.





SEMANA DAS CIENCIAS




5º PRIMARIA

VOLCÁN EN ERUPCIÓN CASEIRO

MATERIAIS:

- Plastilina ou pasta de papel maché. Pincel e verniz
- Unha botella pequena de plástico. Pegamento
- Un cartón para a base do volcán. Tesoiras ou cúter
- Bicarbonato sódico. Vinagre e auga
- Colorante alimentario ou témpera vermella
- Xabón ou deterxente líquido



DESCRICIÓN:

Primeiro, cortamos a parte superior da botella e conservamos o resto. Isto facilitará engadir o bicarbonato e o vinagre máis tarde.

Pegamos a botella no centro do cartón. Con plastilina formaremos o volcán arredor da botella. Podemos buscar unha fotografía dun volcán para ver a súa forma e cores. Debe ter forma de tronco de cono.

Para darlle máis realismo, combinaremos arxila de modelado negra, marrón clara e marrón escura. Na zona do cráter, é interesante facer pequenos ríos de lava que baixan polo cono. Farémolos con plastilina vermella e laranxa. Para que se vexan mellor, podemos axudarnos con ferramentas de modelado para plastilina.


Para rematalo, podes pintar o cartón base de verde para completar a paisaxe. Se a base é o suficientemente grande, podemos modelar algúns animais e plantas.

Imprime unha capa de verniz no teu volcán para que non se estrague e o experimento pódese repetir tantas veces como queiras. Non é un paso obrigatorio, pero daralle resistencia ao teu volcán.

É moi importante estar modelando o volcán con coidado de non cubrir a botella.

O noso volcán está rematado: é hora de espertalo! Nun vaso mesturamos un pouco de xabón líquido, unha parte de auga, dúas partes de vinagre e o colorante escollido. Se non temos cor, non é obrigatorio. Simplemente a nosa erupción será branca. Remexemos ben para mesturar ben todos os elementos e botamos a mestura na botella que colocamos no interior do volcán.

Para provocar a erupción, botaremos unha cullerada grande de bicarbonato sobre a mestura e inmediatamente a lava comezará a burbullar do volcán. O volcán está activo!






SEMANA DAS CIENCIAS



6º PRIMARIA A LÁMPADA DE LAVA



MATERIAIS:




- Un bote de cristal/plástico alto
- 150 ml de auga aproximadamente
- Colorante alimentario (dúas gotiñas) ou témperas (catro gotiñas) da cor que se elixa, será o que lles dea cor ás burbullas
- Instrumento alongado para remexer (cana, culler...)
- 300 ml de aceite vexetal
- Calquera comprimido efervescente
- Lanterna



DESCRICIÓN:



O aceite e a auga non se mesturan debido a un fenómeno chamado “polaridade intermolecular”. A polaridade intermolecular basicamente significa que as moléculas de auga son atraídas por outras moléculas de auga, de maneira similar aos imáns que se atraen un ao outro e, ao mesmo tempo, as moléculas de aceite son atraídas por outras moléculas de aceite. Desde xeito, a estrutura das moléculas de auga e aceite non lles permite unirse entre si e por esa razón repélense.

Para facer a lámpada de lava e comprobar a polaridade intermolecular vertemos nun bote de cristal a auga e botámoslle as gotiñas de colorante. Remexemos para que a cor se mesture coa auga. A continuación engadímoslle o aceite e agardamos un intre a que a ambos líquidos se observen claramente decantados. Apagamos as luces, acendemos a lanterna e botamos no bote o comprimido efervescente. Agora a desfrutar das burbullas de cores ata que o comprimido se esgote!





LÁMPARA DE LAVA





**GRAZAS AO ALUMNADO E FAMILIAS
DO CEIP ILLAS CÍES**

